



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 23/09/2013 12:37:33

SAÍDA 89114 / RX 585088



Concello de Ares
Praza da Constitución, s/nº
15624 Ares
A Coruña

EXPTE. nº:

SAIS-A-AC-13/162



Asunto: Informe en materia de costas previo á aprobación inicial do Pxom de ARES (art.117.1 LC).

Achégolle informe sobre o asunto, que foi emitido en materia de costas pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 19 de setembro de 2013.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2013

A xefa do Servizo de Autorizacións e Informes Sectoriais

Susana Fandiño Gantes-García





ASUNTO: **INFORME EN MATERIA DE COSTAS PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DO PXOM DE ARES (ART.117.1 LC).**

PROMOTOR: **CONCELLO DE ARES.**

O Concello de Ares remite á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, documentación do asunto para o seu informe previo á aprobación inicial, de conformidade co disposto no artigo 117.1 da Lei 22/1988, de Costas.

Corresponde á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a competencia para emitir o informe, de conformidade co disposto no artigo 10.1.m) do Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da CMATI, en relación co artigo 24.2.b) do Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do DPMT.

Logo de examinar o exemplar do PXOM, remitido en soporte dixital e datado no mes de maio de 2013 e, unha vez vista a proposta de informe da subdirección xeral de Ordenación do Territorio, emítese o seguinte informe:

A. DESLINDE DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

A.1. O dominio público marítimo terrestre no termo municipal de Ares atópase deslindado pola OM de 04/04/2001 (dende o límite co termo municipal de Mugar dos ata Punta Avarenta) e OM de 15/03/2004 (desde Punta Avarenta ata Punta Curveiro).

A.2. Representáanse o DPMT e a ribeira do mar, así como a súa zona de servidume de protección, nos planos de ordenación. Tocante a súa correcta representación, estarase ao informe da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar (Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente).

B. NORMATIVA URBANÍSTICA

B.1. NORMAS DE ORDENACIÓN DE SISTEMAS (CAPÍTULO III)

B.1.1. Localízanse equipamentos na servidume de protección, polo que o artigo 44 (sistema de equipamentos e dotacións) deberá recoller a necesidade de estar ao disposto na normativa de costas nese ámbito, particularmente no relativo á preceptiva autorización en materia de costas, tal e como se fai no artigo 45 para o sistema de zonas verdes e espazos libres.

B.1.2. No apartado 3.5. (sistema portuario) deben actualizarse as referencias normativas, en virtude da disposición derogatoria única do RDL 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o TR da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante.



Propónse unha normativa transitoria en tanto non se redacte o correspondente Plan Especial para o Sistema Xeral Portuario, no entanto, de acordo cos artigos 59, 75 e 81 do TR da Lei de Portos, tanto as obras de superestrutura e instalacións que realicen as Autoridades Portuarias, como as concesións demaniais e autorizacións que outorguen, deberán axustarse ao Plan Especial da zona de servizo do porto, ou no seu defecto á Delimitación de usos e espazos portuarios (termino vixente para o antigo plan de utilización). Mentres que no artigo 56 establece o Plan Especial, ou figura equivalente, como figura de ordenación urbanística da zona de servizo do porto.

Asemade, nesta normativa transitoria, relaciónanse usos non portuarios, vinculados á interacción porto-cidade, previstos na lexislación estatal referida. Neste sentido, e de acordo cos artigos 50 da Lei de Costas e 107 do seu Regulamento, o DPMT adscrito á Comunidade Autónoma para o exercicio das súas competencias en materia de portos, podería ser obxecto de reversión de non utilizarse para o cumprimento dos fins aos que se adscribiron.

B.1.3. Canto ao artigo 54 (rede de evacuación de augas residuais) cómpre introducir a obriga do disposto no artigo 44.6 da Lei 22/1988, de Costas, en orde á localización das instalacións de tratamento de augas residuais e dos colectores de saneamento.

B.2. NORMAS DE PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL E DO PATRIMONIO (CAPÍTULO IV)

O artigo 63 referido á protección das costas, expón o réxime de usos que derivado da normativa sectorial de costas con certas imprecisións. Entre outras, a ausencia do réxime dos terreos do DPMT, dos matices derivados do Regulamento de Costas para os usos prohibidos, ou a omisión do establecido na DT 3ª da Lei de Costas. Con obxecto de corrixilas, deberanse incorporar as seguintes indicacións:

- Nos terreos abranguidos no DPMT, estarase en todo caso ao disposto no Título III da Lei de Costas e do seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias, correspondendo á Administración do Estado o outorgamento dos títulos que habiliten para a súa ocupación ou utilización, de conformidade coa dita normativa.
- Nos terreos abranguidos na zona de servidume de tránsito (6 m desde o límite interior da ribeira do mar) estarase en todo caso ó disposto no Título II da Lei de Costas e do seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias. Nomeadamente, cómpre remitir ao artigo 27 da Lei de Costas.
- Nos terreos abranguidos na zona de servidume de protección (cuxa extensión ven determinada nos planos dos deslindes oficiais) estarase en todo caso ó disposto no Título II da Lei de Costas e do seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias. Nomeadamente, cómpre remitir aos artigos 24 a 26 da Lei de Costas, así como as DT 3ª e 4ª da Lei de Costas e 9ª e do 13ª do seu Regulamento.



- Nos terreos abranguidos na zona de influencia (cando menos nos 500 m da ribeira do mar) estarase en todo caso ó disposto no Título II da Lei de Costas e do seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias. Nomeadamente, cómpre remitir aos artigos 30 da Lei de Costas e 58 do seu Regulamento, así como as DT 3ª da Lei de Costas e 7ª do seu Regulamento.

B.3. NORMAS E ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO RÚSTICO (CAPÍTULO V)

B.3.1. No artigo 72.3 establécese como réxime de usos no ámbito do POL, o réxime mais restritivo que resulte do mesmo capítulo V e dos artigos que regulan as zonas POL, (arts. 46 a 59 do POL). En calquera caso, no ámbito afectado pola normativa de costas, deben engadirse as limitacións de usos derivadas da dita normativa.

B.3.2. No artigo 84 (solo rústico de protección de costas) recolle a "protección de costas cartografada no POL cando esta é superior aos 200 m que establece a Lei" (LOUG), o que se deberá corrixir por resultar incongruente co contido do artigo 32.2.e).

Débese obviar a cita do Decreto 125/2002 (relativo á estrutura orgánica da extinta Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos) por atoparse derogado e resultar innecesaria.

B.4. NORMAS E ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANO (CAPÍTULO VIII)

O artigo 105 (outras condicións de aplicación no solo urbano) contén un número 7 referido á zona de servidume de protección do DPMT, en virtude do cal, as aliñacións e as ordenanzas na dita zona deben interpretarse como indicativas en tanto non se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos pola DT 3ª LC.

Neste sentido, debe entenderse que os usos e edificacións a realizar na zona de servidume de protección regularanse pola ordenanza que resulte de aplicación, coas maiores limitacións da normativa costeira, entre elas, o cumprimento da DT 3ª da Lei de Costas. En calquera caso, a aliñación non debe ser indicativa, xa que unha das premisas da citada DT é manter a aliñación preestablecida polo planeamento urbanístico.

C. PLANOS

C.1. Na zona de Chanteiro, clasifícanse como solo rústico de protección de costas terreos que se atopan máis aló dos 200 m do límite interior da ribeira do mar, o que non resulta acorde coa definición contida no artigo 32.2.e) da LOUG para a dita categoría. E na zona de Punta Modias, non se acada a distancia establecida neste artigo, coa clasificación de rústico de costas que lle corresponde.



SAIS-A-AC-13/162
ARES (AC)
PXOM (Doc. maio 2013)
Informe art.117.1 LC
ER: CEINSA
Páxina 4 de 4

C.2. Delimitanse ámbitos de solo urbano non consolidado, abranguidos nos primeiros 500 m da ribeira do mar (zona de influencia), cuxa ordenación é remitida a planes especiais de reforma interior. No caso de tratarse de solos non urbanizables á entrada en vigor da Lei de Costas, cómpre xustificar na ficha, o cumprimento do artigo 30 da Lei de Costas e 58 do seu Regulamento para a zona de influencia, en orde á edificabilidade e á non formación de pantallas arquitectónicas, en virtude da DT 7ª.1 do Regulamento de Costas.

Na tramitación deste planeamento de desenvolvemento deberán solicitarse os informes preceptivos en materia de costas (art. 117 LC).

C.3. En relación cos espazos portuarios, non consta no plan acreditación da correspondencia do límite do Sistema Xeral portuario coa zona de servizo do porto. Neste sentido, cómpre recabar o informe do Ente Público Portos de Galicia, logo da aprobación inicial do presente documento, cara a verificar a súa correcta delimitación.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2013

A SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO



Encarnación Rivas Díaz
Encarnación Rivas Díaz